

Plan Renove electrodomésticos

COMPARATIVA 2020-2023.

EAPN-GALICIA

| PRAZA CAMILO DÍAZ BALIÑO 17. CENTRO NEGOCIOS ESMARTA 7 15704
SANTIAGO DE COMPOSTELA

O PLAN RENOVE ELECTRODOMÉSTICOS

O Plan RENOVE de electrodomésticos tratase dunha convocatoria xestionada pola Axencia Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), sendo a súa finalidade principal o uso racional da enerxía, e a creación de medidas que contribúan ao aforro e a eficiencia enerxética. Desde esta finalidade, pretende a renovación dos electrodomésticos, favorecendo a adquisición doutros dunha mellor calidade enerxética obtendo así unha mellora da xestión enerxética nas vivendas e , por ende, na comunidade autónoma .

CONVOCATORIA 2020

Unha das características da convocatoria do ano 2020 foi que incluíse un apartado destinado a **DEMÓTICA**, que comprendía dúas categorías:

Por unha banda, a **monitorización térmica** da vivenda:

- ▣ Sensores de humidade
- ▣ Temperatura
- ▣ CO2 e/o radon
- ▣ Termostatos comunicados cun equipo centralizado

e doutra banda, a **monitorización eléctrica** da vivenda:

- ▣ Medidores de consumo
- ▣ Racionalizadores de potencia
- ▣ Actuadores para a programación de acesos
- ▣ Focélulas comunicados cun equipo centralizado.

Por tipo de usuario, os consumidores vulnerables podían optar tanto o plan de renovación de electrodomésticos como á partida destinada a demótica.

A cantidade orzamentaria establecida para o ano 2020 distribuíase inicialmente segundo a **Resolución¹ do 28 de abril de 2020** pola que se establecen as bases

¹ [RESOLUCIÓN do 28 de abril de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a renovación de electrodomésticos e a implantación de domótica enerxética, en réxime de concorrencia non competitiva, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na](#)

reguladoras (códigos de procedemento IN414B e IN414C), establecía unha cantidade de 1.350.000 euros destinados a renovación de electrodomésticos e a cantidade de 400.00 euros para actuacións demóticas.

Tipo de actuación	Aplicación orzamentaria	Orzamento (€)
Actuación 1. Plan Renove de electrodomésticos	09.A2.733A.780.7	1.350.000,00
Actuación 2. Demótica enerxética	09.A2.733A.780.9	400.000,00

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de INEGA

Esta reserva da liña destinada a demótica, tivo pouco eco na sociedade e non volveu repetirse nas convocatorias anteriores.

De feito, e cuantificando os datos, na convocatoria do 2020, recibíronse un total de 11.826 solicitudes para a renovación de electrodomésticos, fronte ás 48 solicitudes para adaptación demótica da vivenda.

Mediante **Resolución² de 5 de agosto de 2020** fíxose unha redistribución dos fondos, xustificada na propia resolución, pola lista de espera das solicitudes para as actuacións do número 1 (electrodomésticos) fronte o número de solicitudes da actuación número 2 (demótica).

“ O 3 de agosto, os fondos dispoñibles para a actuación 1 (electrodomésticos) foron reservados na súa totalidade e hai 1.000 solicitudes adicionais en lista de espera cunha axuda asociada superior a 150.000 €. Mentres, na actuación 2 (domótica), rexistráronse 48 solicitudes cunha axuda asociada de 28.578,45 €.”

[súa xestión, e procédese á convocatoria para a anualidade 2020 \(códigos de procedemento IN414B e IN414C\)](#)

² [RESOLUCIÓN do 5 de agosto de 2020 pola que se redistribúen os créditos orzamentarios por epígrafes recolleitos na Resolución do 28 de abril de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e anúnciase a convocatoria de subvencións para a renovación de electrodomésticos e a implantación de demótica enerxética para o ano 2020 \(código de procedemento IN414C\)](#)

Isto supuxo, un incremento da partida destinada a actuación 1, “Plan renove de electrodomésticos” na cantidade de 370.000 €, de xeito que, non quedou ningunha solicitude en espera.

Tipo de actuación	Aplicación orzamentaria (€)	Dotación orzamentaria inicial (€)	Modificacións (€)	Dotación orzamentaria final (€)
Actuación 1. Plan Renove de electrodomésticos	09.A2.733A.780.7	1.350.000,00	+370.000	1.720.000,00
Actuación 2. Domótica enerxética	09.A2.733A.780.9	400.000,00	-370.000	30.000,00
Total	1.750.000,00	1.750.000,00	0,00	1.750.000,00

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de INEGA

Outra das características desta convocatoria do ano 2020, foi establecer unha **RESERVA PARA ACTUACIÓNS SOLICITADAS POR CONSUMIDORES VULNERABLES OU VULNERABLES SEVEROS.**

“O 40 % do crédito da actuación 1 estará reservado para beneficiarios que teñan a condición de consumidores vulnerables ou vulnerables severos.”

As características principais da convocatoria do ano 2020, foron por unha parte, incluír unha liña de actuación destinada a domótica, por outra, a reserva dunha porcentaxe para actuacións solicitadas por consumidores vulnerables non volveron repetirse nos anos posteriores, e o feito de que esgotouse o orzamento sen que quedara ningunha solicitude pendente.

CONVOCATORIA 2021

Tipo de actuación	Aplicación orzamentaria	Orzamento (€)
-------------------	-------------------------	---------------

Plan Renove de Electrodomésticos	06.A3.733A.780.7	3.000.000,00
---	------------------	--------------

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de INEGA

No ano, 2021³, practicamente se duplicou o orzamento, chegando aos 3.000.000 € fronte os 1.750.000 € do 2020. Isto supuxo un incremento das solicitudes. Así das 11.826 solicitudes de electrodomésticos correspondentes ao ano 2020, pasouse as 20.259 solicitudes quedando ser poder atender po falta de fondos 46 solicitudes.

O ano 2021 supuxo dúas modificacións importantes respecto ao ano 2020. En primeiro lugar que soamente se estableceu unha liña de actuación, que foi a renovación de electrodomésticos, desaparecendo a liña destinada á domótica.

E doutra banda, neste ano non se determinou unha cantidade reservada a persoas vulnerables.

CONVOCATORIA 2022⁴


Tipo de actuación	Aplicación orzamentaria	Orzamento (€)
Plan Renove de Electrodomésticos	06.A3.733A.780.7	2.000.000,00

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de INEGA

A tendencia alcista nos orzamentos caeu no ano 2022, onde se destinaron 1.000.000 € menos que no ano 2021. Iso supuxo que se atendesen 13.570 solicitudes, fronte as 20.259 do ano anterior, aumentando tamén o número de solicitudes en espera, que se incrementou das 46 do ano 2021 as 92 no ano 2022.

³ [RESOLUCIÓN do 16 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a renovación de electrodomésticos, en réxime de concorrencia non competitiva, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2021 \(códigos de procedemento IN414B e IN414C\).](#)

⁴ [RESOLUCIÓN do 16 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a renovación de electrodomésticos, en réxime de concorrencia non competitiva, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2022 \(códigos de procedemento IN414B e IN414C\).](#)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INEGA

CONVOCATORIA 2023


Tipo de actuación	Aplicación orzamentaria	Orzamento (€)
Plan Renove de Electrodomésticos	05.A3.733A.780.7	3.000.000,00

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de INEGA

Finalmente, no ano 2023⁵ o orzamento incrementouse, respecto ao ano 2022, volendo á mesma cantidade de 3.000.000€ que se orzamentou no ano 2021.


Pese a ser a mesma cantidade nos anos 2021 e 2023 o número de solicitudes atendidas varía existindo un descenso no ano 2023 de 851 solicitudes, quedando en espera o dobre de solicitudes (85 solicitudes en espera no 2023 e 46 no ano 2021).

⁵ [RESOLUCIÓN do 12 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a renovación de electrodomésticos, en réxime de concorrencia non competitiva, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2023 \(códigos de procedemento IN414B e IN414C\).](#)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de INEGA

*Sen as solicitudes de demótica (48 solicitudes no 2020)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de INEGA

CONTÍA MÁXIMAS DAS AXUDAS

En todas as convocatorias , establécese que un beneficiario só poderá recibir axuda pola substitución dun único electrodoméstico por cada tipoloxía de e cun máximo de tres electrodomésticos por beneficiario.

Igualmente mantense a cantidade da subvención que non poderá ser superior ao 25 % do prezo do electrodoméstico para un consumidor xeral, do 50 % para consumidores vulnerables e do 75 % para consumidores vulnerables severos. Ademais dunha porcentaxe máxima, tamén se establece unha cantidade máxima por tipo de usuario e tipo de electrodoméstico.

Estas cantidades máximas non variaron dende o ano 2020.

Tipo electrodoméstico	Consumidor 2020	Consumidor 2021	Consumidor 2022	Consumidor 2023
Frigorífico e frigorífico - conxelador A, B, C o D	Xeral: 150 € Vulnerable: 300 € V. severo: 450 €	Xeral:150 € Vulnerable: 300 € V. severo: 450 €	Xeral: 150 € Vulnerable: 300 € V. severo: 450 €	Xeral: 150 € Vulnerable: 300 € V. severo: 450 €
Conxelador A, B, C o D				
Lavadora A, B o C	Xeral:100 € Vulnerable: 200€ V. Severo: 300 €	Xeral:100 € Vulnerable: 200€ V. severo: 300 €	Xeral:100 € Vulnerable: 200€ V. Severo: 300 €	Xeral: 100 € Vulnerable: 200 € V. Severo: 300 €
Lavalouzas A, B o C				
Encimera indución total (soamente tecnoloxía indución)	Xeral:100 € Vulnerable: 200 € V. Severo: 300 €	Xeral:100 € Vulnerable: 200 € V. severo: 300 €	Xeral: 100 € Vulnerable: 200 € V. Severo: 300 €	Xeral: 100 € Vulnerable: 200 € V. Severo: 300 €

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de INEGA

TIPOS DE CONSUMIDORES

As convocatorias da comparativa recollen **tres tipos de consumidores** (xeral, vulnerable e vulnerable severo) de xeito que cada tipoloxía ten unha porcentaxe de desconto (a mesma en todas as convocatorias) se ben determinase unha cantidade máxima de axuda por tipo de consumidor e tipo de electrodoméstico.

Para coñecer as definicións de consumidor vulnerable ou vulnerable severo é necesario acudir ao **Real Decreto 897/2017, do 6 de outubro**, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.

CONSUMIDORES VULNERABLES

A definición ven recollida no artigo 3 do citado Real Decreto **897/2017, do 6 de outubro**

Consumidor vulnerable: *A persoa titular dun punto de subministración de electricidade na súa vivenda habitual que, sendo persoa física, estea acollida ao prezo voluntario para o pequeno consumidor (PVPC)*

REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS CONSUMIDORES VULNERABLES.

- Que a súa **renda** ou, en caso de formar parte dunha unidade de convivencia⁶, a renda conxunta anual da unidade de convivencia á que pertenza sexa **igual ou inferior a 1,5 veces o IPREM de 14 pagas. (IPREM 2023: 8.400. euros anuais)**

Cando a unidade de convivencia estea formada por máis dunha persoa, o multiplicador de renda respecto ao índice IPREM de 14 pagas **incrementarase en 0,3 por cada membro adicional maior de idade** que conforme a unidade de convivencia e **0,5 por cada menor de idade** da unidade de convivencia.

En ningún caso, unha mesma persoa poderá formar parte de dúas ou máis unidades de convivencia.

⁶ Para os efectos deste real decreto, considérase unidade de convivencia a constituída por todas as persoas que residan nun mesmo domicilio e que estean unidas entre si por vínculo matrimonial ou como parella de feito nos termos do artigo 221.2 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, ou por vínculo ata o segundo grao de consanguinidade, afinidade, adopción, e outras persoas coas que conviva en virtude de garda con fins de adopción ou acollemento familiar permanente.

- b. Estar en posesión do **título de familia numerosa**.
- c. Que o propio consumidor e, no caso de formar parte dunha unidade de convivencia, todos os membros da mesma que teñan ingresos, sexan **pensionistas** do Sistema da Seguridade Social por xubilación ou incapacidade permanente, percibindo a contía mínima vixente en cada momento para as devanditas clases de pensión, e non perciban outros ingresos cuxa contía agregada anual supere os 500 euros.
- d. Que o consumidor ou algún membro da súa unidade de convivencia sexa beneficiario do **Ingreso Mínimo Vital**.

▶ CIRCUNSTANCIAS ESPECIAIS.

Os multiplicadores de renda respecto do índice IPREM de 14 pagas **incrementaranse, en cada caso, en 1** sempre que se acredite algunha das seguintes circunstancias especiais:

- a. Que o consumidor ou algún dos membros da unidade de convivencia teña **discapacidade** recoñecida igual ou superior ao 33%.
- b. Que o consumidor ou algún dos membros da unidade de convivencia sexa **vítima de violencia de xénero**
- c. Que o consumidor ou algún dos membros da unidade de convivencia teña a condición de **vítima de terrorismo**
- d. Que o consumidor ou algún dos membros da unidade de convivencia atópese en situación de **dependencia recoñecida de grao II ou III**,
- e. Que a unidade de convivencia está integrada por **un único proxenitor e, polo menos, un menor**

□ **CONSUMIDOR VULNERABLE SEVERO**

▶ REQUISITOS:

- Percibir unha **renda anual** $\leq 50\%$ dos limiares establecidos para ser considerado consumidor vulnerable, incluíndo, no seu caso, o incremento previsto para os casos nos que concorran as "circunstancias especiais".
- Se posúe o título de familia numerosa, a unidade de convivencia debe percibir unha renda anual $\leq 2 \times$ IPREM de 14 pagas: 16.800€.

- Se o consumidor ou todos os membros que teñen ingresos na unidade de convivencia perciben pensión mínima, e non perciben outros ingresos cuxa contía agregada anual supere os 500 euros, o consumidor ou a unidade de convivencia á que pertenza debe percibir unha renda anual $\leq 1 \times$ IPREM de 14 pagas: 8.400€.

Os consumidores que teñan a condición de consumidor vulnerable ou consumidor vulnerable severo teñen dereito ao **BONO SOCIAL** o cal implica un desconto na factura da electricidade.

O prezo resultante do devandito desconto será a TUR (Tarifa último recurso).

A solicitude no caso de consumidores vulnerables deberase achegar copia dunha factura de enerxía eléctrica cunha antigüidade máxima de 3 meses de xeito que poida acreditar que é beneficiario do Bono Social eléctrico.

CONSUMIDOR EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

Se ben o citado decreto recolle a figura do **CONSUMIDOR EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL** entendendo por tal o consumidor que reúna os requisitos para ser vulnerable severo, e que sexa atendido polos servizos sociais dunha Administración autonómica ou local que financie polo menos o 50 % do importe da súa factura (o que será acreditado mediante documento expedido polos servizos sociais das referidas Administracións Públicas.) non se prevé ningunha disposición nas convocatorias con relación a este colectivo.

Estadísticas do ano 2022 referido aos tipos de consumidores

CONSUMIDORES	SOLICITUDES	PORCENTAXE SOLICITUDES	IMPORTE DAS AXUDAS	PORCENTAXE AXUDA
XERAL	10.984	81.1%	1.187.198€	59.7%
VULNERABLE	810	5,98%	184.599,48€	9.2%
	1.747	12,9%	616533€	31%

VULNERABLE SEVERO				
TOTAL	13.541	99.98 %	1.988.330,69€	99.98%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de INEGA

No ano 2022, cun orzamento de 2.000.000 €, as solicitudes totais foron 13.541 das cales 10.984 (81.1%) corresponden a consumidores xerais, 810 (5,98%) a consumidores vulnerables e 1.747 (12,9%) a consumidores vulnerables severos.

En termos económicos iso supón unha axuda de 1.187.198€ (59,7%) para o colectivo xeral, 184.599,48€ (9,2%) para o colectivo de vulnerables e 616.533,21€ (31%) para o do vulnerables severos.


Estadísticas do ano 2023 referido aos tipos de consumidores

CONSUMIDORES	SOLICITUDES	PORCENTAXE SOLICITUDES	IMPORTE DAS AXUDAS	PORCENTAXE AXUDA
XERAL	15.061	77.5%	1.633.382,91€	54,56%
VULNERABLE	1.349	6.9%	312.167,59€	10,42%
VULNERABLE SEVERO	3.012	15%	1.048.117,75€	35%
TOTAL	19.422	99.4%	2.993.668,25 €	99.98%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de INEGA

Pola súa parte, na convocatoria do ano 2023, que tiña un orzamento de 3.000.000 €, o número de solicitudes foi de 19.422, das cales 15.061 (77.5%) corresponden a consumidores xerais, 1.349 (6,9%) a consumidores vulnerables e 3.012 (15%) a consumidores vulnerables severos o cal implica un lixeiro ascenso das solicitudes dos colectivos vulnerables.

Se poñemos a ollada nos aspectos económicos houbo unha axuda de 1.663.382,91 € (54,56%) para o colectivo xeral, 312.167,59 € (10,42%) para o colectivo de vulnerables e 1.048.117,75 € (35%) para o do vulnerables severos.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de INEGA


TIPOS DE ELECTRODOMÉSTICOS

Por tipo de electrodomésticos , salvo no ano 2020, que a maior demanda foi de lavalouzas, nos anos seguintes o maior número de solicitudes referiuse as lavadoras.

	2020	2021	2022	2023
Orzamento	Electrodomésticos: 1.720.000€ Demótica: 30.000 €	Electrodomésticos: 3.000.000 €	Electrodomésticos: 2.000.000 €	Electrodomésticos: 3.000.000 €
Solicitudes	Electrodomésticos: 11.826 Demótica: 48	Electrodomésticos: 20.259	Electrodomésticos: 13.570	Electrodomésticos: 19.408
Solicitudes <u>espera</u>	0	46	92	85
Conxelador	35	194	372	797
Frigorífico <u>conxelador</u>	659	4.457	2.769	3.676

Lavadora	1.880	10.894	7.133	10.183
Lavalouza	6.553	879	769	1.489
Placa	1.141	3.835	2.527	3.263

Por tipo de electrodomésticos solicitados, atopamos que inicialmente no ano 2020 foi o lavalouza. Non obstante, a partires deste ano aumentou o número de axudas que foron dirixidas á compra de lavadora, marcando unha ampla diferenza coa adquisición dos demais electrodomésticos.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de INEGA

SOLICITUDES POR PROVINCIA

	2020	2021	2022	2023	TOTAL
A Coruña	Solicitudes: 4.230	Solicitudes: 7.179	Solicitudes: 4.532	Solicitudes: 6.539	Solicitudes: 22.480
Lugo	Solicitudes: 1.998	Solicitudes: 2.991	Solicitudes: 1.926	Solicitudes: 3.073	Solicitudes: 9.988

Ourense	Solicitudes: 1.974	Solicitudes 3.050	Solicitudes 2.121	Solicitudes 3.034	Solicitudes: 10.179
Pontevedra	Solicitudes: 3.624	Solicitudes 7.039	Solicitudes 4.991	Solicitudes 6.762	Solicitudes: 22.416

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de INEGA